# MEMORIA 2023

## ANPA O CASTIÑEIRO



**D. NÚMERO DE PERSOAS ASOCIADAS**

A ANPA dispón na actualidade de **47 familias** asociadas neste inicio de curso, estimando sumar algunha máis neste primeiro trimestre.

**E. NÚMERO ESTIMADO DE PERSOAS QUE SE BENEFICIARÁN DA AXUDA**

De xeito directo, gran parte das nosas actividades foron destinadas á totalidade do alumnado, familias e profesorado do C.E.I.P. Eladia Mariño, sempre en estreita colaboración co profesorado e xunta directiva do centro, estimando ao redor de **200 persoas beneficiarias** da nosa actividade.

Asimesmo, realizamos difusión a través das diferentes redes da entidade, tanto das actividades propias, como as organizadas polo Concello e outras entidades locais, destinadas á comunidade educativa do centro. Facendo uso da lingua galega e prestando especial coidado no uso dunha linguaxe non sexista en todas as nosas publicacións.

http://ocastineiro.blogspot.com/
https://www.instagram.com/anpa_o_castineiro/
https://www.facebook.com/anpaocastineiro

A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

# EDUCACIÓN AMBIENTAL

**Proxecto en colaboración con Euroeume co financiamento de Voz Natura e a Deputación de A Coruña**

## B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

- Instalación do invernadoiro e creación da horta, na zona de xabre en xornada con familias. Cofinanciado pola Deputación da Coruña.
- Participación no Proxecto Ríos e Custodia do río Dana, en colaboración con Euroeume nunha xornada dirixida ao alumnado do centro en horario lectivo.
- Proxecto “Axenxando unha contorna chea de Vida”, en colaboración con Voz Natura, neste momento en desenvolvemento. Consiste na instalación dunha cámara de fototrampeo, e a realización dun inventario de flora e fauna do centro educativo.
- Realización Ecoauditoría no centro, como parte do proxecto de Voz Natura do curso 22-23.
- Celebración do Día mundial do Medioambiente, a través dunha xornada de natureza en familia xunto con Euroeume, o Museo etnográfico da Capela, a Casa do Mel, Betula e a ANPA do C.E.I.P. Plurilingüe Mosteiro de Caaveiro.

## C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CEIP ELADIA MARIÑO

ABRIL – XUÑO, SETEMBRO–OUTUBRO 2023











A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

# PATIOS INCLUSIVOS

**Proxecto cofinanciado pola Deputación de A Coruña e o Concello de Cabanas**

## B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

- Creación espazo amplo de xogo simbólico, na zona de xabre en xornada con familias. Cofinanciado pola Deputación de A Coruña.
- Compra de puffs para zona de relax
- Adquisición de libros para zona de relax do invernadoiro en colaboración co Concello de Cabanas.

## C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CEIP ELADIA MARIÑO

ABRIL-XUÑO 2023



## A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

# IGUALDADE



## B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

- Celebración do día de a muller e a nena na ciencia coa visita de Marta González Warleta, veterinaria e investigadora do CIAM de Mabegondo
- Perspectiva transversal en toda a actividade.

## C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CEIP ELADIA MARIÑO

FEBREIRO 2023












## A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

# CULTURA

**Proxecto cofinanciado pola deputación de A Coruña e colaboración con Cabanas Rural**

## B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

- Celebración letras galegas, elaborando material divulgativo sobre os bosques de ribeira, para o alumnado do cole.
- Peche de curso, cunhas xornadas lúdico festivas dirixidas a toda a comunidade educativa en horario extraescolar.
- Perspectiva transversal en toda a actividade.

## C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CEIP ELADIA MARIÑO

MAIO – XUÑO












# A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO
# CULTURA

**Proxecto Lectura e Familias**

## B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

- Actividades dirixidas a familias co programa de "Lectura e Familias" da Consellería de Educación da Xunta de Galicia para o curso 2023 - 2024. No que se inicia o noso centro por primeira vez.

## C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CEIP ELADIA MARIÑO

DECEMBRO



## A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

# MURALISMO

**Proxecto en colaboración co Concello de Cabanas**

## B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

Realización do mural de Laura Romero "Mulleres Galegas Ilustradas" no día das Letras Galegas. As artistas pintadas no mural, foron previamente escollidas polo alumnado tras un traballo de investigación en familia, realizando ademáis unha serie de entrevistas que posteriormente se lles entregaron ás propias artistas.

## C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

PAREDE PATIO CUBERTO

MAIO 2023







A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

# OUTROS

**Proxecto en colaboración co Museo de Caldoval**

## B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

Excursión centro de interpretación Caldoval

## C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CEIP ELADIA MARIÑO

XUÑO 2023






## A. DENOMINACIÓN DE PROXECTO

# OUTROS

## B. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES

Participación e traballo en rede.

A ANPA O Castiñeiro participa ao longo do ano en distintas redes de xeito activo, como o consello de participación veciñal organizada polo Concello. Así como outros encontros organizados por entidades de carácter social. Temos asimesmo, presencia activa no Consello Escolar e en tódalas comsisións de traballo que parten do mesmo.

## C. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

CABANAS E LOCALIDADES VECIÑAS

XANEIRO - DECEMBRO 2023








